



CORRUPCIÓN NAS MULTINACIONAIS

Os alumnos de primeiro de bacharelato (A e B), fixemos na clase de Ética e Filosofía do Dereito uns carteis, sobre o abuso por parte das grandes compañías multinacionais, dos dereitos humanos. Estes dereitos están violados, como o acoso laboral. Nalgún caso mandan espirse ás mulleres diante da dirección, outras violacións son os salarios mínimos, xornadas laborais de 15 horas....

Entre as moitas fabricas que fan isto están Bayer, Levis , Nike etc. Estas empresas o único que queren é sacar diñeiro e non pensan nas persoas que son as máis importantes.



Nós tamén fixemos outros murais, que tamén teñen que ver cos dereitos humanos, con temas como o tráfico de armas, as guerras, discriminación....

Entre todos os carteis seleccionamos, os que mais nos chamaron a atención, foron estes:



Nike empresa multinacional dedicada á fabricación de roupa, calzado e outros complementos. Como se pode apreciar no cartel os salarios son de 2\$ ao día , hai acoso sexual por parte da directiva, tamén hai que salientar o maltrato físico e a explotación infantil.

Outra das empresas violadoras destes dereitos é a Bayer. Esta é una gran empresa farmacéutica, que coma a outra practica a explotación infantil, comercializan fármacos moi perigosos que poñen en perigo a vida das persoas, contribúen á guerra etc.



Este mural ten que ver coas guerras e o tráfico de armas. Como se pode apreciar nas fotos, os nenos teñen armas e serben para distribuílas. Tamén se fala das guerras, e como matan a xente inocente.

Nós pensamos que estas cousas poderíanse evitar se axente fose máis consciente deste problemas, porque a nós non nos explotan, nin nos dan soldos miserables, pero hai que poñerse no lugar das outras persoas que o sofren e axudar na medida do posible a evitalo.

DANIEL MATO CEA
ANDREA SÁNCHEZ SOUTO
BORJA PÉREZ RODRÍGUEZ
DAVID FUENTES RODRÍGUEZ
ALUMNOS 1º C BAC